

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 12-09-2024, ditou a resolución con número 2588/2024 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

**Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Técnico de Información e Turismo incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.**

EXPEDIENTE: 2022/E001/000037 - TÉCNICO DE INFORMACIÓN E TURISMO

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** O cadro de persoal do Concello de Carballo para o exercicio 2022 foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión 13/21 ordinaria de data 27/12/2021, e publicado anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (en diante BOP) núm. 2 do 04/01/2022. Transcorrido o período de exposición ao público sen que se presentaran reclamacións, o mesmo quedou definitivamente aprobado e publicado o seu contido no BOP núm. 26 do 08/02/2022.

- Expte. 2021/X999/001738. Cadro de Persoal para o ano 2022.

**Segundo.-** A relación de postos de traballo (en diante RPT) do Concello de Carballo tras a modificación núm. 8 foi aprobada inicialmente polo Pleno municipal, en sesión 13/21 ordinaria de data 27/12/2021, e publicado anuncio de exposición pública do expediente no BOP núm. 2 do 04/01/2022. Transcorrido o período de exposición ao público sen que se presentaran reclamacións, a mesmo quedou definitivamente aprobada e publicado o seu contido no BOP núm. 33 do 17/02/2022.

- Expte. 2021/X999/001737. RPT. Modificación núm. 8.

**Terceiro.-** A Oferta de Emprego Público do Concello de Carballo para o ano 2022 (en diante OEP 2022) foi aprobada por acordo da Xunta do Goberno Local en sesión 10/22 ordinaria, celebrada en data do 09/05/2022, punto 6 da orde do día, con corrección de erros por acordo da Xunta do Goberno Local de 07/11/2022.

Publicouse anuncio da "Oferta de Emprego Público do Concello de Carballo para o ano 2022. Aprobación (OEP-01/2022)" no BOP núm. 91, do 13/05/2022; publicouse anuncio de corrección de erro material na "Oferta de Emprego Público do Concello de Carballo para o ano 2022. Aprobación (OEP-01/2022)" no BOP núm. 217, do 16/11/2022.

- Expte. 2022/E003/000001. Aprobación OEP 2022

Dita Oferta de Emprego Público do Concello de Carballo para o ano 2022 inclúe a OEP 2022 "extraordinaria" ou "adicional" de "estabilización", derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e a OEP 2022 "ordinaria".

Na OEP 2022 "extraordinaria" ou "adicional" de "estabilización", derivada da Lei 20/2021, inclúese unha (1) praza de funcionario de carreira no posto de **Técnico de Información e Turismo** (Grupo A, Subgrupo A2; Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Medios) para a súa cobertura en quenda libre e mediante o sistema de concurso (DA 6ª Lei 20/2021).

**Cuarto.-** Foron notificados individualmente os interesados segundo consta en:

- Expte. 2022/E003/000002. Oferta de emprego público do concello de Carballo para o ano 2022. Comunicación da inclusión na oferta de emprego público de praza vacante ocupada temporalmente. Persoal Laboral.

- Expte. 2022/E003/000003. Oferta de emprego público do concello de Carballo para o ano 2022. Comunicación da inclusión na oferta de emprego público de praza vacante ocupada temporalmente. Persoal Funcionario.

**Quinto.-** A Mesa Xeral de Negociación en sesión celebrada o 04/11/2022, no punto primeiro da orde do día, propuxo a aprobación das bases xerais e específicas do proceso de estabilización, OEP 2022.

**Sexto.-** Con data 18/11/2022 e núm. rexistro de entrada 202290000006913 a Universidade de Santiago de Compostela, entidade coa que este concello ten asinado un contrato menor do servizo de asistencia xurídica especializada en persoal da administración, presenta o documento relativo ás bases xerais e bases específicas e convocatoria das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no emprego público (en diante OEP 2022 (E)).

**Sétimo.-** Por Providencia da Alcaldía de data 20/11/2022 ordenouse a apertura do pertinente expediente administrativo con traslado ao Secretario e a Interventora municipais para emisión de informe sobre as referidas bases xerais e bases específicas da OEP 2022 (E).

- Expte. 2022/E003/000004. Bases xerais e bases específicas da OEP 2022 (E)

**Oitavo.-** Consta no expediente informe do Secretario Xeral, de data 20/11/2022, sobre as referidas bases xerais e bases específicas e convocatoria das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no emprego público.

**Noveno.-** Consta no expediente informe da Interventora municipal, de data 21/11/2022, sobre as referidas bases xerais e bases específicas e convocatoria das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no emprego público.

A Interventora municipal emite informe de reparo non suspensivo con data 21/11/2022.

**Décimo.-** Con data 24/11/2022 e núm. rexistro de entrada 202200000006881 a Universidade de Santiago de Compostela presenta informe xurídico relativo ás obxeccións de legalidade relativas ao proxecto de bases xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do concello de carballo incluídas na oferta de emprego público de 2022. asinado o 22/11/2022.

**Undécimo.-** Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 3600/2022 do 28/11/2022 aprobáronse as bases xerais e bases específicas e convocatoria das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no emprego público.

Publicouse anuncio da aprobación das bases xerais e bases específicas e convocatoria das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021 no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 229, do 02/12/2022.

Publicouse anuncio da convocatoria do proceso selectivo das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” derivada da Lei 20/2021 do concello de Carballo no Boletín Oficial do Estado núm. 301, do 16/12/2022, establecéndose un prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

Dito prazo de presentación de solicitudes rematou o 16/01/2023.

**Duodécimo.-** Durante o prazo de presentación de solicitudes achegáronse as seguintes solicitudes:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	NUM. REXISTRO	DATA
1	ANDRADE FRAGA	MARIA INES	***3399**	202399900000307	16/01/2023
2	CANEDO BARREIRO	MARIA	***3964**	202399900000274	15/01/2023
3	FERNANDEZ - COUTO TELLA	CONSTANZA	***6101**	202399900000106	09/01/2023
4	PARGA URES	MARIA TERESA	***3616**	202399900000109	09/01/2023
5	SANCHEZ LOPEZ	JOSE ANGEL	***8218**	202399900000241	13/01/2023
6	VILLAR ROSSI	ALFONSO	***0670**	202300000000225	13/01/2023

**Décimo Terceiro.-** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, por Resolución da Alcaldía núm. 1867/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Técnico de Información e Turismo incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de **Técnico de Información e Turismo** (Grupo A, Subgrupo A2; Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Medios) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

#### Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	ANDRADE FRAGA	MARIA INES	***3399**	-	SI
2	CANEDO BARREIRO	MARIA	***3964**	-	SI
3	FERNANDEZ - COUTO TELLA	CONSTANZA	***6101**	-	SI
4	PARGA URES	MARIA TERESA	***3616**	-	SI
5	SANCHEZ LOPEZ	JOSE ANGEL	***8218**	-	SI
6	VILLAR ROSSI	ALFONSO	***0670**	-	SI

#### Excluídos/as:

Non hai excluídos.

**Segundo.-** As persoas excluídas, así como as omitidas na relación provisional de admitidos e excluídos, disporán de un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, para poder emendar, de ser o caso, os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da lista de admitidos.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos/as, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo. De non presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de admitidos e excluídos elevarase a definitiva.

Transcorrido o prazo de emenda, aprobarase pola Alcaldía a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará a designación nominal do Tribunal.

**Terceiro.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de edictos e anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).

Publicouse anuncio da aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo antedito no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 138, do 20/07/2023, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)), establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

**Décimo Cuarto.-** Non se presentaron emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas do presente proceso selectivo.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

A Lexislación aplicable vén determinada por:

- O artigo 2 e as disposicións adicionais primeira, cuarta, sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Os artigos 55 a 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Os artigos 128.2 e 130 e seguintes do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Os artigos 15 a 26 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- Os artigos 21.1.g) e h), 91, 92, 100 a 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** A tenor do disposto nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 61.7 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo **sistema de concurso**, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da devandita Lei 20/2021, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016, ou se trate de prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.

**Segunda.-** Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez, poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais e respectarán, en todo caso, os prazos establecidos na citada norma, Lei 20/2021.

**Terceira.-** De acordo o artigo 2 da Lei 20/2021: A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022. A resolución destes procesos selectivos deberá finalizar antes do 31 de decembro de 2024.

**Cuarta.-** Do resultado dos procesos de estabilización, a taxa de cobertura temporal deberá situarse por baixo do oito por cento das prazas estruturais.

**Quinta.-** A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación nas entidades locais.

**Sexta.-** Na convocatoria das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” do Concello de Carballo derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no emprego público, polo **sistema de concurso** (acceso libre, DA 6.ª Lei 20/2021) inclúese a praza de :

**Funcionarios de carreira:**

GRUPO	CLASIFICACIÓN	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	TITULACIÓN ESIXIDA	CELGA OU EQUIVALENTE
A2	Escala Administración Especial. Subescala Técnica. Clase Técnicos Medios	1	Técnico de información e turismo	Dipl. Turismo / Lic. Historia /Lic. Hª Arte /Lic. Xeografía	Celga 4

**Sétimo.-** De acordo coas Bases Xerais e Bases Específicas das prazas incluídas na OEP 2022 “extraordinaria” ou “adicional” de “estabilización” do Concello de Carballo derivada da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no emprego público:

**«SEGUNDA. Condicións de admisión dos/as aspirantes.**

*Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro:*

**a)** *Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.*

**b)** *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.*

**c)** *Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.*

**d)** *Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

**e)** *Posuír a titulación esixida, segundo o especificado na base primeira da presente convocatoria.*

*Este requisito deberá acreditarse mediante documento oficial expedido polo organismo competente. Será igualmente válida a acreditación de atoparse en condicións de obter a antedita titulación na data en que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias) da credencial que acredite a súa homologación, que haberá de ser aportada.*

**f) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Carballo a cantidade fixada como dereitos de exame, consonte ao disposto na Ordenanza Fiscal nº 26, relativa á taxa pola prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal.**

*As tarifas serán as seguintes:*

<i>Grupo A ou categoría de persoal laboral asimilable.....</i>	<i>36 €</i>
<i>Grupo B/C ou categoría de persoal laboral asimilable.....</i>	<i>24 €</i>
<i>Grupo D/E ou categoría de persoal laboral asimilable.....</i>	<i>18 €</i>

*A taxa terá carácter autoliquidable e de depósito previo á prestación do servizo administrativo que constitúe o seu feito impositivo. De tal xeito, os aspirantes, para tomar parte no proceso selectivo de persoal, deberán presentar, xunto coa instancia de solicitude de admisión, o xustificante de pagamento da taxa aplicable no seu respectivo proceso.*

*O pagamento deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais (cos datos persoais do/a aspirante e praza á que opta):*

ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019  
CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249

*A falta de realización da totalidade do ingreso ou de acompañamento do documento xustificativo do mesmo producirá a exclusión do aspirante do proceso selectivo respectivo.*

*Consonte ao disposto no artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 26, relativa á taxa pola prestación de servizos administrativos en procesos selectivos de persoal Establécese, en virtude do disposto no artigo 24.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, unha bonificación do 100 % da cota tributaria para aqueles suxeitos que cumpran todos e cada un dos seguintes requisitos:*

- Estar en situación de desemprego por un prazo superior a 1 ano.*
- Que a suma dos ingresos brutos totais do núcleo familiar (constituído polo suxeito pasivo e as persoas que convivan con el habitualmente) non exceda dos seguintes límites:*

<i>Nº de persoas que forman o núcleo</i>	<i>Límite en veces o S.M.I.:</i>
<i>1</i>	<i>1,25</i>
<i>2</i>	<i>1,5</i>
<i>3 ou máis</i>	<i>1,75</i>

*Para a concesión da dita bonificación, os interesados deberán presentar, xunto coa instancia de solicitude de admisión ás probas, os seguintes documentos:*

- Certificado do I.N.E.M. sobre a antigüidade da situación de paro.*
- Certificado do Padrón de habitantes do Concello de residencia do suxeito pasivo onde consten tódolos membros que convivan co suxeito pasivo no seu domicilio de residencia, cos respectivos NIF e datas de nacemento.*
- Certificado da A.E.A.T. sobre a data e referencia da derradeira declaración do I.R.P.F. presentada polo suxeito pasivo e demais membros do núcleo familiar.*
- Copia das últimas declaracións de IRPF presentadas por tódolos membros do núcleo familiar.*

*En todo caso, o suxeito pasivo estará obrigado a facer consta-la petición da bonificación xunto coa solicitude de admisión ás probas, debendo ingresar previamente a cota tributaria íntegra. A bonificación será concedida, no seu caso, posteriormente, procedendo, se fora o caso, á devolución*

*dos ingresos, sen dereito á percepción de intereses de demora.*

**g)** *Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA oportuno, de acordo co indicado na base primeira da presente convocatoria, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente.*

*A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).*

*En todo caso, e consonte ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega.*

*Estes requisitos deberán posuírse como data límite o último día do prazo de presentación de instancias*

### **TERCEIRA. Forma e prazo de presentación de instancias.**

*As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e no seu caso específicas para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello segundo o modelo que consta no Anexo III, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.*

*As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello de Carballo (<https://sede.carballo.gal>) así como no Taboleiro de Anuncios do Concello de Carballo. Un extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.*

*Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.*

### **CUARTA. Admisión de Aspirantes.**

*Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as.*

*Na devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: [sede.carballo.gal](https://sede.carballo.gal) e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, sinalarase un prazo de dez días hábiles para emenda.*

*Transcorrido o prazo de emenda, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello: [sede.carballo.gal](https://sede.carballo.gal). Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal.*

### **QUINTA. Tribunais Cualificadores**

*Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. En cada convocatoria específica existirá un único Tribunal Cualificador de referencia.*

*O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.*

*A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.*

*O número dos membros dos Tribunais nunca será inferior a cinco, así mesmo, a súa composición será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.*

*O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.*

*O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento do proceso de selección, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do mesmo proceso selectivo aconsélleo.*

*A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.»*

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

## **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de **Técnico de Información e Turismo** (Grupo A, Subgrupo A2; Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Medios) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

## **Admitidos/as:**

<b>Nº</b>	<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>Motivos Exclusión</b>	<b>CELGA</b>
1	ANDRADE FRAGA	MARIA INES	***3399**	-	SI
2	CANEDO BARREIRO	MARIA	***3964**	-	SI
3	FERNANDEZ - COUTO TELLA	CONSTANZA	***6101**	-	SI
4	PARGA URES	MARIA TERESA	***3616**	-	SI
5	SANCHEZ LOPEZ	JOSE ANGEL	***8218**	-	SI
6	VILLAR ROSSI	ALFONSO	***0670**	-	SI

## **Excluídos/as:**

Non hai excluídos.



**Segundo.-** Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

**Presidente:**

Titular: D. **Carlos Collazo Martínez**

Xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria e Catastral do Concello de Carballo

Suplente: D. **Francisco José Díaz del Valle**

Coordinador de Instalación Deportivas do Concello de Carballo

**Vogal 1:**

Titular: D<sup>ª</sup>. **Paula María Lema Pena**

Xefa da Área de Promoción Económica e Turismo do Concello de Carballo

Suplente: D<sup>ª</sup>. **María Dolores Serrano Bolón**

Técnica de Orientación Laboral do Concello de Carballo

**Vogal 2:**

Titular: D<sup>ª</sup>. **María del Carmen Castro Pombo**

Xefa do Servizo de Cultura do Concello de Carballo

Suplente: D. **Xosé Antonio Esmorís Gómez**

Arquiveiro do Concello de Carballo

**Vogal 3:**

Titular: D<sup>ª</sup>. **María Carme Pereiro Felipez**

Técnica de Normalización Lingüística do Concello de Carballo

Suplente: D<sup>ª</sup>. **María Irache Enríquez Albaina**

Interventora do Concello de Carballo

**Secretario:**

Titular: D. **Miguel Piñeiro Souto**

Secretario Xeral do Concello de Carballo

Suplente: D. **Juan Antonio Rey Rivas**

Tesoureiro do Concello de Carballo

**Terceiro.-** Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva e de **baremación de méritos** que terá lugar **o 17 de setembro do 2024 ás 12.00 horas**, na Sala de Xuntas, sita na segunda planta da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

**Quinto.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).

**CONCELLO DE CARBALLO**  
C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000037  
Exp. 2024/G003/002577

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

Miguel Piñeiro Souto

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto